



ACTA DA REUNIÓN DA MESA CONSTITUÍDA PARA A COMPRA, POR CONCURSO PÚBLICO, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE VIGO CON DESTINO A OFICINA DE EMPREGO

ASISTENTES

Presidente: D. Pablo Viaño Lorenzo, subdirector xeral do Patrimonio

Vogais: Dna. Ana Rodríguez Martín, Interventora delegada da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Dna. María del Carmen Rodríguez Mujico, asesora xurídica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Secretaria: Dna. Beatriz Bello Balado, xefa de sección do servizo de Administración e Xestión Patrimonial.

En Santiago de Compostela, a *20 de decembro de 2022, sendo as 10:00 horas*, reúnense na sala de Xuntas do edificio administrativo de San Caetano, a mesa de contratación composta polos membros que á marxe se relacionan, para a avaliación previa da documentación presentada ao concurso.

Iníciase o acto polo Sr. presidente dando lectura á certificación expedida polo rexistro xeral da Xunta de Galicia na que se indica que dentro do prazo de presentación de ofertas, que rematou o luns, 12 de decembro de 2022, non consta a entrada de ningunha oferta económica en relación co presente concurso de compra.

Por todo o anterior, ao non contar con ningunha oferta, *a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros, propón declarar deserto o procedemento de compra por concurso público dun inmoble no concello de Vigo destinado a oficina de emprego.*

Non tendo máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto ás 10:05 horas, levantándose a presente acta no lugar e data indicados.

O presidente

Pablo Viaño Lorenzo

A secretaria

Beatriz Bello Balado

